

Polideportivo



IV CARREIRA POPULAR

CONCELLO DE BEGONTE

HOXE

CLUB FLUVIAL DE BEGONTE



PATINAXE

Mañá. Escairón EXHIBICIÓN DE PATINAXE

O pavillón municipal de Escairón acolle mañá ás 12.30 horas unha exhibición de patinaxe a cargo do Club Campelas na que participarán as patinadoras e patinadores de todas as categorías.

Sumaranse á xornada os máis pequenos do club Aehde de Carballiño e o Club Fervello, que ademais da modalidade de grupos show traerá a Escairón unha parella de danza formada por Ángel Lorenzo e Carla Estraviz, campións galegos, subcampións de España e subcampións do Open Internacional, así como a Iria Rey, subcampioa galega en Dance.



TRIATLÓN



Hoxe e mañá. Boiro CAMPIONATO DE ESPAÑA POR CLUBS E RELEVOS MIXTOS

Cidade de Lugo Fluvial e Tri Pentas Lugo participan esta fin de semana no Campionato de España que se celebra na localidade coruñesa de Boiro. Os equipos masculinos e femininos dos clubs lucenses compiten por un podio que, no caso do Cidade de Lugo Fluvial, xa ocuparon noutras edicións nas que se coroaron campioas e campións. Hoxe celébranse as probas por clubs e mañá as de relevos mixtos.



TAEKWONDO

Hoxe. Ourense TORNEO DE OURENSE

Unha vintena de deportistas do club monfortino Neka participan hoxe nesta competición de técnica, unha das máis importantes do calendario galego, que se disputa no Paco Paz.



JUDO



21-30 xuño. Minsk (Bielorrusia) JUEGOS EUROPEOS

Esta fin de semana se disputan en Minsk, Bielorrusia, los Xogos Europeos no que participan uns 4.000 deportistas de 50 países en 23 disciplinas diferentes. Entre as participantes estará a loitadora de Judo Lugo, Estrella López Cheriff, compite en la categoría de -52 quilogramos. A deportista, que se encontra nun gran estado de forma, agarda colleitar un resultado que lle axude a ascender posto no ránking olímpico de cara a Tokio 2020.



ATLETISMO

Hoxe. Lugo CAMPIONATO GALICIA SUB 14, SUB 20 E SUB 23

As pistas do Gregorio Pérez Rivera de Lugo acollen esta tarde o Campionato de Galicia Sub23 e Sub20, organizado pola Federación Galega de Atletismo.

Ao longo da tarde, desde as 16:00 horas, disputaranse probas de 100, 200, 400, 800 e 1500 metros libres; 100 e 400 metros valados; 3000 obstáculos; 5000 metros; 5000 marcha, lonxitude, triple salto, altura, pértiga, peso, disco, xavelina e martelo nas diferentes categorías, tanto masculinas como femininas.

Hoxe. Begonte CARREIRA POPULAR DE BEGONTE

Preto de 250 corredoras e corredores participan hoxe na Carreira Popular Concello de Begonte, que se organiza por cuarto ano consecutivo co obxectivo de fomentar o deporte como hábito saudable, ademais de, potenciar a dinamización do municipio.

O punto de encontro e saída dos deportistas estará situado no Club Fluvial, onde a partir das 11:00 irán iniciándose, de forma escalonada, as diferentes probas previstas segundo as categorías.

Ás 11:00 horas, arranca a carreira absoluta para senior e veterano, cun percorrido de sete quilómetros. A partir das 12:00 horas, celébranse as probas para as categorías de menores: de 3500 metros para os nados entre 2001 e 2003; de 2000 metros para os nados entre 2004 e 2006; de 1000 metros para os nados entre 2007 e 2009; de 500 metros para os nados en 2010 e 2011 e de 150 metros para os nados entre 2012 e 2015.

O circuito transcorrerá por vías asfaltadas, e estará completamente pechado ó tráfico e acoutado con valos e outros elementos delimitadores, naqueles tramos nos que non exista unha diferenciación natural. O percorrido estará sinalizado en cada punto quilométrico. O control de chegada da proba absoluta pecharase 60 minutos despois da saída da mesma. Pasado ese tempo, o participante que continúe participando na carreira deberá retirarse do circuito oficial da competición.

A inscrición na carreira da dereito a participar na proba, seguro de responsabilidade civil e de accidentes, así como a facer uso de tódolos servizos establecidos pola organización para os participantes, como a ludoteca e os inchables para nenos e nenas que se instalarán no pavillón municipal. Ao finalizar o evento deportivo, tras a entrega de premios, todos os participantes poderán degustar uns aperitivos gratís.

A recollida de dorsais e chips realizarase entre as 9:00 hora ata unha hora antes da saída da carreira absoluta e media hora antes para as carreiras de menores no punto de información do Club Fluvial de Begonte.



GOLF

Mañá. Ferreira de Pantón RANKING GALEGO PITCH&PUT

O campo de golf do Balneario Augas Santas de Ferreira de Pantón acollerá mañá a sexta proba do ranking galego de Pitch&Put, a penúltima do campionato que concluirá o vindeiro 7 de xullo no Real Montealegre C.G. de Ourense.

O torneo disputarase na modalidade de 18 hoyos stroke play scratch e hándicap con preferencia na clasificación scratch. As saídas efectuaranse desde alfombra obrigatoriamente.

A proba conta con 25 xogadores inscritos das categorías senior, mayor e juvenil.



ORIENTACIÓN

Mañá. Begonte TORNEO MTBO CONCELLO BEGONTE

Begonte acolle mañá a segunda proba da Liga Galega de Orientación en Bicicleta de Montaña, organizada polo Club Fluvial de Lugo. A cita conta 116 persoas inscritas procedentes tanto de Asturias como de Galicia.

A saída dos primeiros corredores e corredoras será a partir das 10:00 horas. Os deportistas das categorías de iniciación terán hora libre de saída entre as 10:40 horas e as 11:40 horas. A zona de concentración será no pavillón municipal de Begonte.

Dacordo coa descrición do percorrido facilitada polos organizadores, a proba transcorre por zonas de monte típico galego con camiños moi anchos e baixadas moi amplas que animan aos participantes a alcanzar gran velocidade nos descensos. Recoméndase prestar especial atención nestes puntos xa que na maioría existen tramos rotos ou con afloramentos de pedras, ao estar feitos os camiños con bulldozers.

Trátase dun circuito de dificultade media para as categorías superiores e baixa para a iniciación e as categorías de menores.

Os recorridos varían, en distancia lineal, entre os seis quilómetros das probas de iniciación máis curtas ata os máis de vinte e cinco quilómetros do circuito da categoría elite masculina.

Ás 14:00 horas celebrarase a entrega de premios, os sorteos e a clausura do evento. Ademais de puntuar para a Liga Galega, que consta de sete probas, os competidores optan ao Trofeo Concello de Begonte.



FÚTBOL SALA



26-30 de xuño. A Mariña MEMORIAL HÉROES DO ORZÁN

O vindeiro mércores, 26 de xuño, dará comezo a oitava edición do torneo de fútbol sala Memorial Héroes de Orzán, que se celebrará ata o domingo 30 de xuño coas localidades de Burela, Foz, Cervó, Xove e Viveiro como sedes.

A cita, que lembra a Rodrigo Masada Lozano, Javier López López e José Antonio Villamor Vázquez, policías que perderon a vida cando trataban de efectuar un rescate na praia coruñesa do Orzán no San Xoán do ano 2012, reunirá a preto de 900 rapaces de 70 equipos chegados das catro provincias galegas, ademais de Asturias, Madrid, Castilla y León e Castilla La Mancha.

Valladolid Tierno Galván, La Isla de Siero, UD Las Rozas Boadillas ou CD Salamanca de Fútbol Sala son algúns dos equipos de Galicia que forman parte do elenco de convidados do torneo, que se converte nunha cita de referencia para o fútbol español, ademais dun escaparate turístico para a comarca da Mariña Lucense, que nas últimas edicións recibiu arredor de 4.000 persoas coincidindo coa celebración do evento organizado pola Fundación Indecum.

Os pavillóns de Vista Alegre e Monte Castelo, en Burela; Marzán, en Foz; A Veiga en San Cibrao e os municipais de Xove e Viveiro acollerán máis dun centenar de partidos de equipos das categorías prebenxamin, benxamin, alevín, infantil masculino, cadete masculino e junior masculino ao longo das xornadas de competición.

O broche poñerase a fin de semana coa disputa das finais e coa entrega dos trofeos, non só aos mellores xogadores e equipos de cada categoría, entre os que nas últimas edicións estiveron equipos do Burela FS, se non tamén para premiar a deportividade dos participantes.

Hoxe e mañá. Mondoñedo TORNEO FÚTBOL SALA O PASATEMPO

Desde onte disputábase en Viñas da Veiga de Mondoñedo disputábase a décima edición do torneo de fútbol sala O Pasateño no que participan tanto equipos femininos como masculinos. Repartíranse máis de 2.200 euros en premios para o campión, subcampión, semifinalistas e mellor equipo local.



CORRE CON NÓS

— 2019 —



O ESFORZO SEMPRE TEN RECOMPENSA

O circuito Larso Corre con Nós pechou o 2019 cunha multitudinaria entrega de premios, na que se recoñeceu aos atletas máis destacados da tempada dende a categoría benxamín ata máis de 70 anos



Concello de Lugo

LIGA ESCOLAR DECATHLON

L. ESCOLAR DECATHLON

P.	Nome
1	CPR PADRES FRANCISCANOS
2	CPR MARISTAS-LA INMACULADA
3	CEIP ANEXA
4	CPR MARÍA AUXILIADORA
5	CPR CERVANTES
6	CEIP ILLA VERDE
7	CEIP ROSALIA DE CASTRO
8	CPR SAN JOSÉ
9	IES SANXILLAO
10	CPR MENÉNDEZ PELAYO
11	CPR SALESIANOS-DIVINA PASTORA
12	CEIP AS MERCEDES
13	CEIP ALBEIROS
14	IES ÁNCEL FOLE
15	IES LEIRAS PULPEIRO
16	IES LUCUS AUGUSTI
17	CEIP LUIS PIMENTEL
18	CPR GALÉN
19	CPR DIVINO MAESTRO
20	CEIP SAGRADO CORAZÓN



1º CLASIFICADO - CPR PADRES FRANCISCANOS



2º CLASIFICADO - CPR MARISTAS LA INMACULADA



3º CLASIFICADO - CEIP ANEXA

Un total de 29 equipos escolares participaron nesta edición do Corre Con Nós. Unha categoría que mantén viva a competitividade entre centros escolares, algo que xa se perdeu na meirande parte das disciplinas deportivas. Aínda que, no caso do circuito popular, a Liga Escolar é basicamente participativa.

O CPR Franciscanos alzouse co primeiro posto exercendo un dominio notable nesta edición na que remataron con 81 puntos. Moito máis igualada estivo a loita por entrar no podio final xa que Maristas- La Inmaculada, con 66 puntos rematou no segundo posto; CEIP Anexa, con 61 no terceiro chanzo e, ás portas do podio, María Auxiliadora con 60 puntos.

Na clasificación final da Liga, basicamente participativa, cada atleta sumou un punto para o seu colexio en cada unha das probas na que participou independentemente das marcas ou resultados colleitados.

Na Liga Escolar, basicamente participativa, cada atleta suma un punto para o seu colexio en cada unha das carreiras

O Atletismo, grazas ao Corre con Nós, é unha das poucas disciplinas que mantén a rivalidade interescolar

SIEMPRE AUTÉNTICA,
SIEMPRE REFRESCANTE

Coca-Cola, el disco rojo y la botella Contour son marcas registradas de The Coca-Cola Company.



SIENTE EL SABOR

MENORES GRAN PREMIO CAIXA RURAL GALEGA

Os máis novos volveron a ser a gran atracción do circuito, enchendo de colorido e ilusión cada unha das probas e participando na festa da entrega de premios.

Na categoría benxamín feminino a primeira clasificada foi

Mar Álvarez, que competiu en cinco das seis probas, seguida por Lucía Cando, tamén tras sumar en cinco das seis carreiras, e o podi completou Silvia Conde, que correu nas seis probas que formaron o Corre con Nós 2019.

Na categoría mas-

culina Enrique García alzouse co primeiro posto seguido por Rodrigo Carcedo e Dario Rodríguez, que completaron o podio final.

Aldara Ceide rematou primeira na categoría alevín feminino, seguida moi de preto por Safya Mounni, ambas tras

completar todas as carreiras do circuito. O podio completouno Ilse Prado.

Tamén estivo no aire a clasificación final alevín masculino ata a última proba. Mateo Álvarez, campión, e Daniel Martínez, subcampión, remataron moi axustados

no ranking final, no que Bradley Joel subiu ao terceiro chanzo.

As tres primeiras clasificadas infantil feminina foron Sara Guedes, Estela Díaz e Carlota Vilanova, mentras que no apartado masculino Cosme Viana foi o gañador seguido por

Julio Fernández e Ángel Herrero.

Sara Álvarez reinou en cadete feminina seguida de Uxía Pérez e Marta Ortiz. O gañador cadete masculino foi Rubén Darriba que rematou por diante de Yago Daniel e Daniel Díaz.

BENXAMIN FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	MAR	ÁLVAREZ APARICIO
2	LUCÍA	CANDO GOMEZ
3	SILVIA	CONDE CARRELO
4	NOA	MEJUTO GOLAN
5	MARÍA	GANDAS LÓPEZ
6	ALEJANDRA	COTARELO LOPEZ
7	MARTA	YÁÑEZ SANTIAGO
8	UXÍA	DÍAZ SAAVEDRA
9	NOA	FERNÁNDEZ GARCÍA
10	NOA	VIÑAS LÓPEZ



Lucía Cando, Mar Álvarez e Silvia Conde

BENXAMIN MASCULINO

P.	Nome	Apelidos
1	ENRIQUE	GARCIA GARCIA-BOENTE
2	RODRIGO	CARCEDO LOPEZ
3	DARIO	RODRÍGUEZ PÉREZ
4	DANIEL	LÓPEZ VÁZQUEZ
5	VÍCTOR	MARTÍNEZ GONZÁLEZ
6	LUCAS	NOGUEIRAS PIRES
7	ANDRÉ	FERNÁNDEZ PERAL
8	J. MANUEL	LÓPEZ MELLA
9	ANXO	GONZALEZ GONZALEZ
10	HÉCTOR	LOPEZ CASAS



Rodrigo Carcedo, Enrique García e Dario Rodríguez

ALEVÍN FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	ALDARA	CEIDE COUCE
2	SAFYA	MOUMNI RICO
3	ILSE	PRADO CAMBA
4	PAULA	CONDE CARRELO
5	CAROLINA	GARCÍA GONZÁLEZ
6	IRENE	VILA GONZÁLEZ
7	ZELTIA ANTIA	MAGIDE
8	CANDELA	LÓPEZ FERNÁNDEZ



Safya Mounni, Aldara Ceide e Ilse Prado

ALEVÍN MASCULINO

P.	Nome	Apelidos
1	MATEO	ÁLVAREZ CIVEIRA
2	DANIEL	MARTÍNEZ
3	BRADLEY JOEL	JARAMILLO ESTRADA
4	DANIEL	LÓPEZ FERNANDEZ
5	JAVIER	MASEDA IGLESIA
6	DAMIÁN	ÁLVAREZ APARICIO
7	LUIS	NOVO LÓPEZ
8	RUBÉN	FOUCE LÓPEZ



Daniel Martínez, Mateo Álvarez e Bradley Joel

INFANTIL FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	SARA	GUEDES
2	ESTELA	DÍAZ DÍAZ
3	CARLOTA	VILANOVA CABANA
4	LOURDES	GARCÍA ARRUÑADA
5	NOELIA	REY GAYOSO
6	CARLA	VÁZQUEZ
7	CRISTINA	HERRERO PÉREZ
8	UXÍA	HERRERO PÉREZ
9	ANDREA	RODRÍGUEZ DORADO
10	LAURA	RAPOSO



Estela Díaz e Sara Guedes

INFANTIL MASCULINO

P.	Nome	Apelidos
1	COSME	VIANA VALIÑA
2	JULIO	FDEZ. MÉNDEZ
3	ÁNGEL	HERRERO PÉREZ
4	RAÚL	GAVIEIRO MONTERO
5	NOÉ	LÓPEZ SUFENTES



Julio Fernández, Cosme Viana e Ángel Herrero

CADETE FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	SARA	ÁLVAREZ CIVEIRA
2	UXÍA	PÉREZ FERNÁNDEZ
3	MARTA	ORTÍZ GONZÁLEZ



Uxía Pérez, Sara Álvarez e Marta Ortiz

CADETE MASCULINO

P.	Nome	Apelidos
1	RUBÉN	DARRIBA CORRAL
2	YAGO DANIEL	RÍO PEREIRA
3	DANIEL	DÍAZ ALONSO
4	SAMUEL	GUEDES
5	MARTÍN	ROUCO IGLESIAS
6	BRIAN	RICO NUÑO



Yago Daniel Río, Rubén Darriba e Samuel Guedes



CAIXA RURAL
GALEGA

Noraboa loitadoras/es!

www.caixaruralgalega.gal

ADULTOS GRAN PREMIO LARSA



Eva Freire, campioa xuvenil fem.

"Esta xa é a sexta temporada que participo no Corre con Nós. Os mellores resultados obtívenos na última proba do circuito, a do Parque de Frigsa" **Eva Freire**



Kevin Darriba Miguel Freije e júnior masculino



Tania López, mellor promesa fem.

"Antes de chegar á idade adulta puiden vivir a experiencia de lograr algún podio, como este ano. En canto a resultados, para min a mellor carreira foi a das Termas" **Tania López**



Pablo Fdez. e Samuel Castedo

"É difícil compaxinar o deporte federado co circuito, pero é un gustazo participar nas carreiras polo ambiente familiar. Xa nos coñecemos todos" **Kevin Darriba**

"Gustoume a experiencia sobre todo por correr con meus pais e coa miña avoa, que participaban por primeira vez no Corre con Nós" **Samuel Castedo**



Yago e Antonio Souto promesa masc.

"Xa levo anos participando no Corre con Nós. É un orgullo gañar un circuito na que é para min coma unha segunda casa" **Antonio Souto**

"Participo no circuito desde as categorías inferiores. O ano pasado tamén logrei unha segunda posición en júnior masculino" **Yago Freije**

SENIOR FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	CARLA	TRILLO FERNÁNDEZ
2	OLAYA	ÁLVAREZ VARELA
3	LETICIA	VIZCAÍNO CELA
4	NATALIA	SANCHEZ SANCHEZ
5	MARÍA	SOUTO PRIETO
6	RAQUEL	GRANDÍO MONTES
7	MIRTA	FLORES CUESTA
8	PAULA	OTERO SIMÓN
9	MARÍA	FUCIÑOS PÉREZ
10	TAMARA	ROZAS CHOUSEIRO



Olaya Álvarez, Carla Trillo e Leticia Vizcaíno

SENIOR MASCULINO

P.	Nome	Apelidos
1	PABLO	CAMPO BAAMONDE
2	J. MANUEL	IGLESIAS LOURÉS
3	VÍCTOR	LÓPEZ BELLO
4	ÓSCAR	VEIGA IGLESIAS
5	SERGIO	LÓPEZ MUÍÑA
6	JESUS	GALLARDO
7	M. ANTONIO	PRADO FANDIÑO
8	ADRIÁN	ÁLVAREZ MOSQUERA
9	MANUEL	NÚÑEZ LUGILDE
10	ADRIÁN	BARRERA GLEZ.



J. Manuel Iglesias, Pablo Campo e Víctor López

VETERÁN +35 FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	ANA	ABUÍN RODRÍGUEZ
2	M. CARMEN	IGLESIAS LÓPEZ
3	MARÍA JESÚS	CONDE RODRÍGUEZ
4	IRIA	RANCAÑO OTERO
5	GEMA	ABELLEIRA CORRAL
6	NOEMI	V. VILLANUEVA
7	CRISTINA	GUIZÁN CASTRO
8	TERESA	GÓMEZ DÍAZ
9	VANESA	PENA ARGEREY
10	REBECA	CORRAL RODRÍGUEZ



M. Carmen Iglésias, Ana Abuín e María Jesús Conde

VETERÁN +35 MASC.

P.	Nome	Apelidos
1	IVÁN	VEIGA RAPOSO
2	MARCOS	CONDE LLENDE
3	SERGIO	LOPEZ VALCARCE
4	ABRAHAM	TORRE SOENGAS
5	ALVARO	VALÍN GONZÁLEZ
6	BRAIS	LÓPEZ BARRO
7	J. ANTONIO	LOPEZ PUENTE
8	JOSE	MILLARES DARRIBA
9	ALEJANDRO	LOMBAO BLANCO
10	CARLOS	PEREZ VALIN



Marcos Conde, Iván Veiga e Sergio López

VETERÁN +40 FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	ANA BELÉN	GLEZ. MARGARIDE
2	CRISTINA	AZANZA MORENO
3	SUSANA	CARREIRA IGLESIAS
4	CECILIA R.	LEGUÍA BOLIVAR
5	BETTY	GOLÁN PARDO
6	NURIA	NADELA DÍAZ
7	INÉS	DÍAZ MOURE
8	M. CARMEN	LÓPEZ ÁLVAREZ
9	SUSANA	REGUEIRO CRUZ



Cristina Azanza, Ana Belén González e Susana Carreira

VETERÁN +40 MASC.

P.	Nome	Apelidos
1	JUAN	GUDE
2	XABIER	DÍAZ FERNÁNDEZ
3	MANUEL	MTNEZ. FERNANDEZ
4	JESUS	RIVAS PRADO
5	PABLO	PAZ SAAVEDRA
6	JOSE LUIS	FREIRE REGUEIRO
7	MARTÍN	LÓPEZ FERNÁNDEZ
8	JUAN MIGUEL	PARADELA RGUEZ.
9	LUCIANO	ESPINO LÓPEZ
10	JOSÉ CARLOS	MEJUTO SUÁREZ



Xabier Díaz, Juan Gude e Manuel Martínez

ADULTOS GRAN PREMIO LARSA

VETERÁN +45 FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	MARILUZ	BASANTA BAL
2	M. CARMEN	GÓMEZ SOENGAS
3	MARÍA	PUMARIÑO SANFIZ
4	MARÍA JOSÉ	E. ECHEVARRÍA
5	SONIA	VEIGAS LÓPEZ
6	Mª JOSÉ	LÓPEZ SILVA
7	EVA MARÍA	FERNÁNDEZ BRAN
8	MARÍA JESÚS	IGLESIAS FDEZ.
9	ANA BELÉN	LÓPEZ DÍAZ
10	EVA MARÍA	GARCÍA BAJÓN



M. Carmen Gómez, Mariluz Basanta e María Pumariño

VETERÁN +45 MASC.

P.	Nome	Apelidos
1	J. MANUEL	CORRAL LOPEZ
2	FCO. ANTONIO	CABANAS ARGEREY
3	ANTONIO	CABADO LOURÉS
4	CARLOS	GARCIA LOPEZ
5	ROBERTO	GONZALEZ GARCÍA
6	ALBERTO	ARIAS TORRON
7	ANTONIO	GARCÍA PARDO
8	D. MANUEL	MARTINEZ GLEZ.
9	MARTÍN	ÁLVAREZ DURÁNDEZ
10	JOSE	CORTON GONZALEZ



Antonio Cabanas, Manuel Corral e Antonio Cabado

VETERÁN +50 FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	EMMA	IGLESIAS PENELAS
2	ROCÍO	DÍAZ MESA
3	ANA ISABEL	RGUEZ. EXPÓSITO
4	PI	DGUEZ. PEREIRA
5	AZUCENA	SEJAS LÓPEZ
6	ANA MARIA	RIVAS MENDOZA



Rocío Díaz, Emma Iglesias e Ana Isabel Rodríguez

VETERÁN +50 MASC.

P.	Nome	Apelidos
1	SAUL	VALCARCEL NOVO
2	EDUARDO	OTERO SALGADO
3	GERARDO	RAPOSO BUJAN
4	JUAN JOSE	CASANOVA VQUEZ.
5	J. ANTONIO	REY FERNÁNDEZ
6	JOSÉ	ÁLVAREZ LENCE
7	J. MANUEL	NUÑEZ FARIÑAS
8	EUGENIO	MARTÍNEZ PÉREZ
9	J. CARLOS	PERTIERRA FDEZ.
10	ALBERTO	REY CASTRO



Eduardo Otero, Saúl Valcarcel e Gerardo Raposo

VETERÁN +55 MASC.

P.	Nome	Apelidos
1	GERARDO	PEREZ LENZA
2	MANUEL	PASTRANA CRUZ
3	V. MANUEL	ÁLVAREZ PRIEGUE
4	JOSE MARIA	PÉREZ OTERO
5	EMILIO	VEIGA PIÑEIRO
6	JUAN JESÚS	FDEZ. FLORES
7	MANUEL	CABADO LOURÉS
8	LUÍS	FERNÁNDEZ VEIGA
9	J. MANUEL	ALONSO PEREZ
10	RICARDO	BESTEIRO FDEZ.



Manuel Pastrana, V. Manuel Álvarez e Gerardo Pérez

VETERÁN +60 MASC.

P.	Nome	Apelidos
1	MANUEL	VILA CARBALLEDÓ
2	MARCIAL	FOLGUEIRA
3	LOIS	SEJO CASTRO
4	ENRIQUE	LOPEZ FOLGUEIRAS
5	CARLOS	SOENGAS LOPEZ
6	A. TEOLINDO	TORRE MEJÍA
7	JUAN C.	CAMPO JANEIRO
8	ANTONIO	LOPEZ RODRIGUEZ



Marcial Folgueira, Manuel Vila e Lois Seijo



Mª Jesús Río, Josefina Castro e Marta Eugenia Vázquez +55 anos



Carmen Novo, Mª Carmen Rodríguez e Remedios Vidal +60 anos



Francisco Torrente, José Luis Merodio e Julio González. +65 anos



Mª Carmen Otero e Mª Victoria Vázquez +65 anos

"Recordo que as primeiras veces que participei no Corre con Nós quedaba de última. Alégrome de non seguir sendo a pechacancelas, aínda que os postos sexan o de menos"

Mª Victoria Vázquez



Ángel Barrio, Manuel Millara e Emilio Gonta +70 anos

"É a primeira vez que participo no Corre con Nós porque son de preto de Mos, en Pontevedra. Gustoume moito a experiencia. Tentarei repetir para o ano que ven"

Manuel Millara

ABSOLUTA POR SEXOS - ABSOLUTA COMPENSADA

ABSOLUTA COMPENSADA

P.	Nome	Apelidos
1	JOSEFINA	CASTRO CASTRO
2	Mª. CARMEN	RODRÍGUEZ DEL RÍO
3	JUAN	GUDE
4	ANA BELÉN	GONZÁLEZ MARGARIDE
5	EMMA	IGLESIAS PENELAS
6	ANA ISABEL	RODRÍGUEZ EXPÓSITO
7	JOSE LUIS	MERODIO VÁZQUEZ
8	ANA	ABUÍN RODRÍGUEZ
9	GERARDO	PÉREZ LENZA
10	MANUEL	MILLARA BLANCO
11	MANUEL	PASTRANA CRUZ
12	ROCÍO	DÍAZ MESA
13	XABIER	DÍAZ FERNÁNDEZ
14	JOSE MANUEL	CORRAL LOPEZ
15	CARMEN	NOVO VARELA
16	F. ANTONIO	CABANAS ARGEREY
17	EDUARDO	OTERO SALGADO



Rosana Rielo, Josefina Potente, campiona compensada absoluta, Juan Gude, terceiro clasificado e Manolo Castiñeira

"Este foi o meu cuarto ano no circuito. A miña especialidade son carreiras máis longas pero gústame participar porque son aquí, en Lugo"

Ana Belén Rodríguez

"Este é o décimo ano que completo o circuito do meu querido Corre con Nós e facelo quedando arriba sempre presta aínda máis"

Ana Abuín

"O máis satisfactorio de quedar na primeira posición foi poder representar no podio aos compañeiros do Montepenarrubia cos que participo nas carreiras populares"

Juan Gude

"Levo doce anos participando no Corre con Nós e esta é a segunda vez que logro unha segunda posición. Sempre é satisfactorio obter bos resultados"

Xabier Díaz

ABSOLUTA FEMININO

P.	Nome	Apelidos
1	ANA BELÉN	GONZALEZ MARGARIDE
2	ANA	ABUÍN RODRÍGUEZ
3	CARLA	TRILLO FERNÁNDEZ
4	EMMA	IGLESIAS PENELAS
5	CRISTINA	AZANZA MORENO
6	JOSEFINA	CASTRO CASTRO
7	CARMEN	IGLESIAS LOPEZ
8	SUSANA	CARREIRA IGLESIAS
9	MARILUZ	BASANTA BAL
10	ROCÍO	DÍAZ MESA
11	OLAYA	ALVAREZ VARELA
12	ANA ISABEL	RODRÍGUEZ EXPÓSITO
13	LETICIA	VIZCAÍNO CELA
14	IRIA	RANCAÑO OTERO
15	MARIA JESÚS	CONDE RODRÍGUEZ
16	Mª. CARMEN	GÓMEZ SOENGAS
17	PI	DOMÍNGUEZ PEREIRA



Rosana Rielo, Ana Abuín, segunda clasificada, Ana Belén González, campioa, Carla Trillo, terceira, e Manolo Castiñeira

ABSOLUTA MASCULINO

P.	Nome	Apelidos
1	JUAN	GUDE
2	XABIER	DÍAZ FERNÁNDEZ
3	JOSE MANUEL	CORRAL LOPEZ
4	PABLO	CAMPO BAAMONDE
5	KEVIN	DARRIBA CORRAL
6	MARCOS	CONDE
7	IVÁN	VEIGA RAPOSO
8	MANUEL	MARTÍNEZ FERNÁNDEZ
9	SERGIO	LÓPEZ VALCARCE
10	ANTONIO	CABANAS ARGEREY
11	JESUS	RIVAS PRADO
12	JOSÉ MANUEL	IGLESIAS LOURÉS
13	SAÚL	VALCARCEL NOVO
14	ANTONIO	CABADO LOURÉS
15	EDUARDO	OTERO SALGADO
16	CARLOS	GARCÍA LÓPEZ
17	ANTONIO	SOUTO PRIETO



Rosana Rielo e Manolo Castiñeira con Juan Gude, campión masculino, Xabier Díaz, segundo, e José Manuel Corral, terceiro

EQUIPOS GRAN PREMIO COCA COLA

A unión fai a forza nos equipos do Corre con Nós



Montepennarubia no segundo chanzo, Verxel Mixto no máis alto e Erika Pilates Team no terceiro

Sen dúbida unha das categorías que máis colorido dan e máis animan aos participantes a tomar cada unha das saídas do circuito é a de Equipos.

Unha categoría na que que compiten conxuntos masculinos, nos que puntúan os seis primeiros homes en chegar á meta, equipos femininos, nos que puntúan as seis primeiras mulleres en chegar á meta, e equipos mixtos, nos que puntúan os tres primeiros homes e as tres primeiras mulleres que

completan cada un dos percorridos.

Para puntuar na clasificación xeral, os equipos deben participar nas seis probas do circuito cun número mínimo de atletas.

Verxel mixto é o campión do 2019 tras impoñerse a Montepennarubia, segundo clasificado; e Erika Pilates Team, na terceira posición. Na categoría feminina, o Club Fluvial alzouse co primeiro posto e Muller en Forma foi segundo.

MTC-Lourés impúxose na categoría masculina na que tamén participaron nesta edición do 2019 o Club Fluvial de Lugo, Marreaners-En boas mans e Hospital Polusa, quedando seguido, terceiro e cuarto respectivamente na clasificación final.

EQUIPOS ABSOLUTOS MIXTO COCA-COLA

P.	Nome
1	VERXEL MIXTO
2	CLUB MONTEPENARUBIA
3	ERIKA PILATES TEAM
4	ZEPELIN TORGUESA FINFLOOR MAUROACUPUNTU
5	ATLETISMO FRIOL
6	ABRENTE LUGO

EQUIPOS ABSOLUTOS FEMININO COCA-COLA

P.	Nome
1	CLUB FLUVIAL DE LUGO
2	MULLER EN FORMA

EQUIPOS ABSOLUTOS MASCULINO COCA-COLA

P.	Nome
1	MTC-LOURES MASCULINO
2	CLUB FLUVIAL DE LUGO
3	EN BOAS MANS
4	HOSPITAL POLUSA



Muller en forma, segundo posto, e Club Fluvial feminino no primeiro chanzo do podio



Club Fluvial de Lugo, MTC-Lourés e En Boas mans no podio final

FAMILIAR CENTRO COMERCIAL AS TERMAS


FAMILIAR CC AS TERMAS

P.	Nome
1	FERNÁNDEZ DÍAZ
2	MARTÍNEZ GONZÁLEZ
3	CONDE CARRELO
4	HERRERO PÉREZ
5	MELLIS FAMILY
6	SOUTO
7	ÁLVAREZ APARICIO
8	FREIJIDE MARIÑO
9	DARRIBA
10	PÉREZ FERNÁNDEZ
11	LOSADA LILANES
12	MEJUTO GOLÁN
13	SUPERLÓPEZ
14	MANEIRO
15	ÁLVAREZ CIVEIRA
16	FERNÁNDEZ PERAL
17	CARCEDO LÓPEZ



A familia Fernández Díaz de Ribadeo alzouse co primeiro posto da clasificación de familias no Corre con Nós 2019

AS TERMAS CO DEPORTE LUCENSE



CORRECONNÓS

XIX CIRCUITO LARSA - 2019



Concello de Lugo
Concellería de Deportes

Fondo Europeo de
Desarrollo Regional (FEDER)
de
Una manera
de hacer Europa



Concello de Lugo
Concellería de Deportes

**Grazas a todos os nosos colaboradores
que fan posible este circuito !!**





KUNG FU

Mañá, Tui CAMPIONATO IBÉRICO DE KUNG FU

Mañá celébrase no Pabellón Municipal de Tui, en Pontevedra, o Campionato Ibérico de Kung-Fu Tradicional e Kung-Fu Moderno, organizado pola Eurocidade Tui-Valença.

A representación lucense estará a cargo de tres equipos nas diferentes categorías para a modalidade de competición por equipos e dous na categoría de Individual que se clasificaron nas fases previas representando ao Kung Fu Lugo e Agrupación Deportiva Lao Feng.

Por Kung Fu Lugo, participarán na competición por equipos Mario Alonso, Antón López, Angel Vázquez, Samuel Arias e Daniel Canoura (cinturón negro alevín) e Joel Núñez, Xosé González e Martín Vasco, Alejandra Balanza, Gabriela Latorre, Nerea López e Marta Sout (cinturón negro júnior). Por parte do Lao Feng, disputarán a competición individual Joel Núñez Souto e Gabriel González Galviti.



TENIS DE MESA



Hoxe, Lugo TORNEO VETERANOS LVCUS

Hoxe dispútase no polideportivo municipal da Casa do Deporte, en Lugo, a terceira edición do torneo Veteranos Lvcus, que organiza O Club Deportivo Dez Portas T.M. Lugo.

Os participantes -xogadores a partir dos 40 anos- disputarán unha primeira fase en grupos cun mínimo de catro competidores e unha segunda fase de eliminatorias. Os partidos serán ao mellor de cinco xogos. Para a formación dos grupos terase en conta a posición no ránking galego.

A competición comezará ás 9:30 horas. O campionato busca promocionar o deporte en Veteranos, facendo fincapé no tenis de mesa.



BALONCESTO



Hoxe, Plaza Santa María, Lugo TORNEO 3X3

La Jaula de Movistar chega a Lugo. Dende onte e ao longo do día doxe na praza de Santa María este circuíto nacional fai a súa penúltima parada antes da fase final. Ademais do Torneo en formato 3x3 todos os amantes ao baloncesto teñen un espazo para deleitarse coma os xogos virtuais con concusos de triplios e mates.

A participación divídese en maiores de 16 anos e menores polo que todos os que se acerquen ata a praza de Santa María poderán participar. Tamén haberá un concurso de fotografía no que o gañador recibirá dúas entradas para a próxima supercopa da Liga Endesa que se disputará en Madrid e outro concurso de zapatillas personalizadas.



CICLISMO



Mañá, As Pontes DESAFÍO FRAGAS DO EUME

O Club Ciclista Vilalba As Pontes organiza mañá a vixésimo segunda edición desta marcha cicloturista de velocidade libre que conta con preto de 200 deportistas inscritos.

A saída será a las 9:30 horas da Avenida de Ferrol, ao lado da Casa do Concello das Pontes, onde tamén estará ubicada a meta. A marcha contra cun percorrido total de 126 quilómetros e supera os 2.100 metros de desnivel acumulado. Trátase dunha proba de esixencia física alta xa que, a pesar de non presentar portos de gran entidade, enlaza unhas subidas con outras, requirindo unha adecuada forma física por parte dos participantes.

Tras saír da localidade das Pontes, a marcha descenderá paralela á marxe dereita do río Eume ao longo dos concellos da Capela e Cabanas, para atravesar a vila de Pontedeume. Despois adentrarase de novo na sinuosa orografía das Fragas do Eume, na que será a parte máis esixente da proba, a través dos concellos de Monfero, Irixoa e Xermade, desde onde regresará ás Pontes atravesando o alto de Marrazón.

As 13:30 horas realizarase un control de paso. A cronometraxe pecharase ás 15:00 horas en liña de meta.



RUGBY



29 xuño, Ribadeo CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIÓN FEMININAS

O vindeiro 29 de xuño o Pepe Barrera de Ribadeo acollerá o Campionato de España de Seleccións Femininas de Rugby Seven. As mellores xogadoras do panorama español competirán por un título que ostenta o combinado galego nun torneo que ten por primeira vez a provincia de Lugo como sede.

Durante a mañá celebrárase a fase de grupos. Galicia competirá con Cantabria e Murcia no grupo A. Madrid, Baleares e Asturias forman o grupo B. Cataluña, Castilla y León e Murcia englobáanse no grupo C mentras que Andalucía, País Vasco e Galicia B completan o grupo D. A fase abrírase co Galicia-Murcia, que se disputará ás 10:00 horas e continuará ata as 13:40 horas, co encontro entre Andalucía e o País Vasco.

A partir das 16:00 horas, disputaranse eliminatorias directas entre terceiros, segundo e primeiros clasificados dos diferentes grupos. As gañadoras do grupo A e D enfrontaranse por un praza na final mentras que as do grupo B e C se medirán polo outro billete para o encontro polo título, que se xogará a partir das 19:40 horas.

Para dar maior visibilidade e espertar o interese por esta cita, desde o pasado mes de maio, a Federación Galega de Rugby e Xacobeo 2021 veñen realizando as xornadas Rugby no Camiño Norte, con actividades coas que se achegou este deporte a distintas localidades polas que pasa o Camiño Norte a Santiago de Compostela. Baamonde, Vilalba, Abadín ou Lourenzá acolleron estas xornadas as pasadas semanas.



FÚTBOL BASE



Torneo fútbol oito ANTAS CUP 2019

Unha tempada máis o fútbol base galego ten unha cita en Antas de Ulla coa disputa da Antas Cup. Un torneo que xa é referente nestas datas e que un pouco máis que fútbol nun entorno inigualable no que os participantes poden gozar dunha xornada en convivencia espectacular.

Hoxe 12:45 horas no Marcos Gómez de Viveiro FASE DE ASCENSO INFANTIL

O Viveiro será o equipo lucense que peche a tempada no fútbol base provincial. O cadro celeste recibe ao Boiro esta mañá no partido de volta da última eliminatoria que mide a ambos equipos por un posto na Liga Galega infantil a próxima tempada. Os de Antonio Serrano presentáanse como favoritos tras impoñerse por cero goles a dous no encontro de ida disputado a pasada fin de semana en Boiro. Ademais os mariños están asinando unha fase de ascenso perfecta na que gañaron os cinco encontros disputados marcando 19 goles e sen encaixar ningún. Unha vitoria, un empate ou unha derrota pola mínima daríalle ao Viveiro o ascenso polo que o club celeste recuperaríase a Liga Galega infantil e a próxima tempada volvería a ter as tres categorías de fútbol once en competicións superiores.



FÚTBOL



Mañá 18:00 horas, A Medela, Taboada FINAL COPA DEPUTACIÓN PRIMEIRA E PREFERENTE

O último encontro da tempada 2018/2019 do fútbol base provincial medirá ao Lemos e ao Ribadeo na gran final da Copa Deputación de fútbol, un encontro que se disputará en Taboada, no Campo Municipal da Medela.

Na última ronda citáse un equipo que competiu en Preferente Autonómica esta tempada como é o Ribadeo e outro que o fará na vindeira campaña, o recién ascendido Lemos. Os mariños metéronse na gran final tras batir ao Friol na quenda de penaltis dun encontro marcado por un nome propio, o de Rafa Casanova que pese a perder a semifinal coma xogador, disputará a final coma adestrador do Ribadeo.

Pola súa parte o Lemos buscará pechar co título de Copa a tempada perfecta. O conxunto que adestra Edu Rodríguez acadou con suficiencia o ascenso a Preferente logo de dominar con autoridade a Primeira Autonómica e agora chega a gran final de Copa coa intención de pechala tempada cun histórico dobrete.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

FORMACIÓN RUGBY

O TÉCNICO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA FEMININA DE RUGBY JUAN GONZÁLEZ MARRUECOS impartirá unha charla teórico práctica o vindeiro 20 de xullo na localidade de Sarria



O adestrador de dianteira da selección española de rugby feminino, Juan González Marruecos, impartirá unha sesión formativa o vindeiro 20 de xullo en Sarria. O sevillano, internacional como xogador e campión de Europa como preparador do combinado feminino, impartirá unha charla teórica no hotel Alfonso IX na xornada de mañá e un módulo práctico que se desenvolverá durante a tarde no campo de rugby do Chanto.

A actividade supón unha oportunidade única para acceder a unha formación "cara e difícil de conseguir en Galicia", segundo apunta o xogador do Muralla RC, Edgardo Martínez, que participa na organización da xornada canda o tamén xogador e fisioterapeuta da selección española, Hugo Fernández. "

A xornada

González Marruecos, que se incorporou á selec-

ción española en 2017 e que adestrou ao Ciencias Cajasol de División de Honra, compartirá cos participantes a súa ampla experiencia no ámbito da formación, desenvolvendo temas como a "configuración e a comprensión do rugby como xogo" ou "a metodoloxía de adestramentos para deportistas das categorías de base" desde un punto de vista teórico. Durante a tarde, nas instalacións do Chanto, levarase a cabo un adestramento no que se porán en práctica os conceptos abordados cunha sesión sobre as destrezas básicas no rugby.

A inscrición na xornada, cunha tarifa de 25 euros, inclúe o xantar e un convite a modo de terceiro tempo, o momento de confraternidade que comparten os equipos tras medirse nos partidos

Sarria non é unha sede elixida ao azar. O Landrús segue no recordo dos sarriaos que foron xogadores do mítico club, un dos referentes do rugby na

provincia canda o Xabarán. "Esa referencia axuda a que tanto a iniciativa privada como a pública contribúan a organización deste tipo de eventos", explica o xogador arxentino.

Torneo Interescolar

A xornada formativa encádrese no marco doutras actividades coas que se tenta revitalizar o pulso deste deporte na vila. O pasado xoves disputouse a terceira edición do Torneo Interescolar de Rugby no que participaron máis de setenta rapaces e rapazas dos centros de ensino secundario de Sarria, formando parte de sete equipos. Nas dúas últimas edicións, o evento superou tamén os setenta participantes.

A iniciativa pon o broche a un traballo que os xogadores do Muralla desenvolven en colaboración cos centros escolares no último trimestre do curso. Os deportistas visitan os colexios para achegar o rugby ao alumnado de terceiro e cuarto de ESO.

"Conseguimos os profesores inclúan o rugby na súa programación habitual. Nos imos aos centros para darlles apoio nas partes das unidades didácticas que o requiren. A partir de aí, vanse formando os equipos que participan despois no torneo", explica Edgardo Martínez. "O obxectivo é que os rapaces se familiaricen co rugby. O primeiro que intentamos facer é romper cos paradigmas que teñen preestablecidos en relación con este deporte. Por exemplo que o rugby é igual que o fútbol americano ou que é un deporte agresivo no que vale calquera cousa. Explicamos que as normas de seguridade son moi estritas e que é unha disciplina na que se concede moita importancia aos valores e ao xogo limpo. Despois de romper eses prexuízos, é moi fácil ensinalarles", comenta o xogador de Muralla, instalado en Sarria.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

